

Canastros 5 - 6 - 7

030049

Datos de Localización

Canastro

Nomenclator:	3206202
Coord. UTM:	X: 58971700 Y: 465154000
Concello:	Porqueira
Parroquia:	PARADELA DE ABELEDA
Lugar:	Lobios
Tipoloxía:	Arquitectura Civil
Tipo:	Construcións de Almacenamento
Subtipo:	Canastro



Denominación: Canastros 5 - 6 - 7

Etapa Histórica: Idade Contemporánea

Estilo relevante: Popular

Outros Estilos:

Descrición:

Conxunto de tres canastros, dous de madeira e un mixto. Na mesma aira hai un cuarto hórreo que consta dunha estrutura de cemento. Segundo a foto, o canastro da dereita, que é o que se atopa máis mal conservado, está formado por tres parellas de esteos, sobre as parellas dos extremos descansan cadansúa mesa rectangular e sobre os dous pés do medio uns tornarratos con forma de roda. O corpo do hórreo cérrase nos seus lados costais a través de tres panos de doelas de madeira dispostas en posición vertical. As mencionadas doelas están atravesadas por faixas, e baixo éstas uns balaustres colocados en diagonal serven de reforzo de unión. Nos lados penais emprégase o mesmo procedemento, colocando nun deles a porta de entrada. Cuberta a dúas augas con tella curva. Seguindo a fotografía, á esquerda do anterior atópase o outro canastro de madeira que está formado por tres parellas de esteos sobre os que descansan outras tantas mesas rectangulares. Este é o soporte para o corpo do hórreo, pechado nos lados costais mediante tres panos de doelas separados por columnas de madeira. Os balaustres dispóñense en posición vertical e quedan atravesados mediante cintas. Uns dos lados penais está recuberto con dúas chapas de cinc, o outro resérvase para a porta de entrada. Cuberta a dúas augas con tella mixta. O último ben do conxunto, é un canastro mixto de considerables dimensións cunha cámara apoiada en catro parellas de pés sobre os que se alzan outras tantas mesas rectangulares. O corpo cunha estrutura de pedra, péchase nos lados costais mediante tres panos de doelas separados entre sí por columnas de pedra. Os balaustres, pintados de cor granate están dispostos verticalmente e atravesados por cintas. Nos lados penais óptase polo mesmo esquema, colocando nun deles a porta de entrada. Sobre a porta, no pinche, unha inscrición aclara a data de realización do ben: 1952. A cuberta voa considerablemente sobre os lados penais ca finalidade de protexer da auga da choiva, realízase a dúas augas con tella plana.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura: Madeira e granito

Mat. Cuberta: Tella

mal. cuberta. 1.014

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 50m.

Protección

Tipo de ben: BIC

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: ----

Proposta Grao de Protección Arq. ----

Xustificación da Protección: Un dos canastros do conxunto non se considera BIC, conserva unha inscrición que data o ben no ano 1952.

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Bo

Uso Actual: Almacenamento / sen uso

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións: Tal e como mostra a fotografía, o canastro da dereita atópase en mal estado de conservación, gozando os outros do conxunto dun bo estado.

Bens Mobles





